

A Asociación de Escritores en Lingua Galega ofreceulle unha homenaxe, consistente na entrega da "Letra E", de escritora, e na plantación dunha árbore simbólica. Autora interdisciplinar, e cunha importante proxección exterior, sempre se mantivo fiel á súa liña combativa e feminista.

Un abruñeiro para Marilar Aleixandre

"Fracasados de antemano" é un grupo que soa potente e con xeito

PÁXINA
LITERARIA
XULIO
VALCÁRCCEL



Ningún premio mellor que o ofrecido polos propios colegas. Marilar Aleixandre recibiu o homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega, AELG, que preside Cesáreo Sánchez. Foi en Santiago, cidade de adopción na que vive e escribe: poemas, contos e novelas, sempre cunha intencionalidade e cun carimbo persoais.

Marilar forxouse redactando proclamas e panfletos na clandestinidade e foi facendo unha carreira en ascenso e segura até chegar a ser o que hoxe é, unha das máis prestixiosas escritoras galegas e cunha importante proxección exterior. Fiel a esa liña combativa que a caracteriza, maiormente na denuncia da prostración secular da muller e na reivindicación feminina e feminista, prantou un abruñeiro, que seica é árbore espiñenta e montesía que se cría en liberdade, toda unha declaración de intencións. Oxalá medre con ben.

A miña devoción pola obra de Marilar é antiga, desde Manuel

Rivas me falou dela en termos encomiásticos. Era a época de "Tránsito dos gramáticos", que lin con degaro e que me apesurei a recomendar no espazo "Entre libros con...", da Cadena SER.

Marilar Aleixandre é autora interdisciplinar: cun celebrado poemario, "Catálogo de Venenos", gañou o Premio Esquio; das varias novelas destinadas ao público adulto, destacaría "Lobos nas illas", onde afonda nas difíceis e moitas veces conflictivas relacións familiares, ou "A compañía clandestina de contrapublicidade", premio Álvaro Cunqueiro.

Asemade é moi relevante a súa achega á literatura infantil e xuvenil, con numerosas obras publicadas, "Agardando polos morcegos", "A expedición do Pacífico" ou a "Formiga coxa", delicioso título traducido, ao igual que outros, do orixinal en galego a varios idiomas. A este respecto, cómpre destacar que Marilar naceu en Madrid e, non obstante, decidiu escribir, con toda coherencia e sensatez, en galego. Non deixan de conmovirme exemplos como o de Marilar, o de Xavier Alcalá, o de Úrsula Heinze, Victorino Pérez Prieto ou o de Alexandra Koss, que chegou de San Petesburgo e

deseguida se comprometeu coa nosa causa, falando e escribindo en galego. Alexandra acaba de falecer, pero o seu xesto segue a ter un gran significado nestes tempos miserentos nos que campan unha grea de "gloriosos" renegados por

unha presa de votos recollidos das cavernas da ignorancia, da comodidade, do complexo ou do autoodio.

Autoitulábase "fracasados", pero no seu caso o nome non pasa de ser unha figura retórica na que se

mestura o humorismo coa modestia, quizais tamén unha certa prevención polo que poida pasar, curándose en saúde, ante a incerteza que sempre acompaña a saída en público, o recebemento do primeiro disco editado.

E non me move amizade nin veciñanza con Román e Emilio para afirmar a grata impresión que me produciu a audición do disco que leva o título do grupo, "Fracasados de antemano", cunhas cancións ben concebidas e executadas, cargadas de forza, de vibración e de entusiasmo, nas que se hai impulso xuvenil tamén hai, na mesma medida, coñecemento, madurez e bo gusto, un saber facer harmónico e equilibrado no que a voz aparece perfectamente empastada e os instrumentistas amosan un dominio derivado de anos de estudo e de traballo. Ritmos de rock and roll con algo de rap e letras en galego! Benvidos ao panorama musical, longa vida e moitos éxitos. A xuventude precisa referentes que se expresen no mesmo código. Estamos convencidos que a proposta paga a pena e só precisa atopar as necesarias canles de difusión para acadar o eco e o lugar que merece.

xulio@xulio.e.telefonica.net




Ilustración de Xabier Garo

libros



Desfelta
CAMILO GONSAR
Editorial Galaxia.
Vigo 2010. 235 páxinas.

■ El punto de partida de esta novela es la investigación de la muerte del perito de Guitián, un crimen silenciado durante décadas, fruto de parte de las penalidades que trajo consigo la sublevación de 1936, con el asesinato y la desaparición de miles de personas.



Siempre todavía
ABDUL HADI SADDON
Editorial Ollante.
Zaragoza 2010. 157 páxinas.

■ Del Tigris al Duero, de Asiria a Soria, el autor iraquí Abdul Hadi trabaja sobre la "analogía de causas y sentimientos" con la obra machadiana. En edición bilingüe, árabe y español, el poeta confiesa que son versos de amor y de paisajes que le hicieron olvidar nostalgias.



Camión ao mar
X. H. RIVADULLA CORCÓN
Editora Auga. Santiago de Compostela 2010. 48 páxinas.

■ La imagen de las gaviotas sobrevolando la catedral de Santiago es el punto de partida del poemario y del camino de vuelta al mar. Poeta y caminante se confunden en el último libro del escritor de Muxía. Como Ulises, emprenderá el viaje de regreso a su patria.



El bisabuelo de Adán
ANTONIO REIS
Editorial Ochoa.
Soria, 2009. 107 páxinas.

■ En la primera novela del arandino se recrea de manera sencilla, con diálogos rápidos y coloquiales, el mundo rural castellano. Con pocos personajes, compactos y bien perfilados, da cuenta del mito del buen salvaje y la belleza de la naturaleza.



Salvajes y sentimentales
JAVIER MARIÁS
Editorial Alfabeta.
Madrid, 2010. 320 páxinas.

■ El autor abandona aquí las máscaras de la ficción y se pone a hablar de fútbol, logrando un inteligente y poético análisis de jugadores y aficionados, entrenadores y presidentes, derrotas y triunfos, emoción y vergüenza.



El arte de la resurrección
H. RIVERA LETELIER
Editorial Alfabeta.
Madrid, 2010. 264 páxinas.

■ Crónica de una época, el Chile de 1942, llena de humor y surrealismo, sobre un personaje que se cree la reencarnación de Cristo y que, junto a una prostituta llamada Magdalena, está decidido a anunciar a todos el inminente fin del mundo.